

**TECNOLOXÍAS DA
INFORMACIÓN
E COMUNICACIÓN**
I+D+i, Servizos e Formación

Equipos de Investigación
da Universidade de Vigo



UNIVERSIDADE
DE VIGO

**TECNOLOXÍAS DA
INFORMACIÓN
E COMUNICACIÓNS**
I+D+i, Servizos e Formación

Equipos de Investigación
da Universidade de Vigo



Edita: Oficina de I+D (OTRI)
Vicerrectorado de Investigación
UNIVERSIDADE DE VIGO

Imáxenes con Copyright. Prohibida a sua reprodución.

Depósito Legal:

PRESENTACIÓN

A sociedade pode estar satisfeita da actividade de I+D+i da Universidade de Vigo. Nun brevísimo lapso de tempo a nosa institución ten mellorado notablemente en tódolos parámetros de calidade. Por unha banda, resulta moi salientable a actividade investigadora *sensu stricto*, que nos ten colocado entre as Universidades máis activas do Estado español. Pero ademais, dende a súa creación, a Universidade de Vigo fixo gala da súa vocación de transferencia, e, neste eido, a oferta tecnolóxica dirixida cara ás empresas e institucións externas ten medrado de xeito moi rápido, incluíndo tanto os grupos de investigación como os servizos centrais de apoio (CACTI).

Neste sentido, é moi de agradecer a iniciativa da oficina de I+D, a nosa OTRI, completando o catálogo da oferta tecnolóxica xeral, que ofrece unha ollada xeral sobre os grupos que poden facer transferencia, cunha serie de novos catálogos dirixidos a sectores específicos. Un dos sectores nos que se ten andado máis, tanto na investigación como no desenvolvemento, é o das Tecnoloxías da Información e das Comunicacions, precisamente o obxecto deste catálogo. Polo noso perfil constitucional como Universidade e pola vocación moitas veces referendada, as Tecnoloxías da Información e das Comunicacions forman parte das liñas prioritarias da I+D+i da Universidade de Vigo. Daquela, podemos ofrecer hoxe este magnífico catálogo de grupos, todos eles volcados na xeración de coñecemento e, moi especialmente, na transferencia de resultados de investigación. Estamos totalmente seguros de que, cando contactedes con algún destes grupos, quedaredes satisfeitosdo seu traballo.

Esperamos polo tanto que o presente catálogo sexa unha ferramenta útil para as empresas e as institucións que busquen solucións na I+D+i. A organización do documento permite facer de forma sinxela unha selección de posibles socios e establecer directamente contactos. En todo caso, paga a pena sulñar que a Oficina de I+D estará sempre aberta a informar máis polo miúdo sobre calquera aspecto das nosas capacidades de I+D+i que dende fóra da Universidade se demanden.

Para finalizar quixera facer constar o meu agradecemento á Oficina de I+D (OTRI) pola iniciativa e polo esforzo, coa seguridade de que este novo catálogo, completo e meticuloso, pode aportar máis interacción entre a sociedade e a nosa institución universitaria.

Manuel Reigosa
Vicerreitor de Investigación

ÍNDICE XERAL

Equipos de Investigación da Universidade de Vigo
TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN I+D+i, Servizos e Formación

ÁMBITO TECNOLÓXICO

(T06) Dpto. de Enxeñería dos Recursos Naturais e Medio Ambiente	
Equipo: Enxeñería Agroforestal (AF- 4)	13
(T07) Dpto. de Enxeñería de Sistemas e Automática	
Equipo de Enxeñería de Sistemas de Automatización (EI1)	15
Equipo de Deseño e Automatización de Sistemas Avanzados - DASA (EI4)	18
Equipo de Control Non Lineal (EI3)	20
Robótica e Sistemas Intelixentes (EI2)	21
(T13) Dpto. de Enxeñería Telemática	
Laboratorio IDTV	23
Equipo de Tecnoloxías da Información – GTI (TC1)	25
Equipo de Redes e Servizos de Telecomunicación e Internet (ET3)	28
Equipo de Tecnoloxías da Información e Comunicación (E-TIC)	30
Equipo de Tecnoloxías da Información e Comunicación para a Sociedade da Información (ET1/A)	33
(T14) Dpto. de Teoría do Sinal e Comunicacións	
Sonitum	36
Equipo: Grupo Radio (SC1)	38
Equipo EMRAD: Electromagnetismo e Radar (SC7/B)	39
Equipo de Radiación e Propagación (SC5)	42
Equipo de Tecnoloxías Multimedia (SC9/A)	44
Equipo de Antenas, Radio e Tecnoloxías Ópticas (SC7/A)	48
Equipo de Dispositivos de Alta Frecuencia (SC-2)	52
Laboratorio de Bioenxeñería e Cronobiología (SC4)	53
Equipo de Procesado do Sinal en Comunicacións (SC10)	56
Equipo de Sistemas Radio (SR)	58
Equipo de Procesado de Imaxe e Visión Artificial (SC9/B)	60
(T15) Dpto. de Informática.	
Equipo de Informática Gráfica e Multimedia (SI06)	61
Equipo do Laboratorio de Informática Aplicada (LIA)	64
Equipo de Investigación: Compiladores e Linguaxes (IA1)	66
Equipo de Linguaxes, Sistemas Informáticos e Ensino asistido por Computador (SI1)	68
Equipo de Sistemas Informáticos de Nova Xeración (SI4)	70
Equipo: Grupo Web de Axentes Intelixentes (SI5)	72
Dpto. de Teledetección e S.I.G.	
Laboratorio de Teledetección e Sistemas de Información Xeográfica (AT1)	74

ÍNDICE

ÁMBITO XURÍDICO-SOCIAL

(X09) Dpto. de Organización de Empresas e Marketing Información Empresarial e Comercio Electrónico (OE4)	79
---	----

ÍNDICES

Índice Temático	83
Índice Onomástico de Investigadores de Contacto	89



ÁMBITO TECNOLÓXICO

Equipos de Investigación da Universidade de Vigo
TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS I+D+i, Servizos e Formación

EQUIPO: ENXEÑERÍA AGROFORESTAL (AF- 4)

Dpto. de Enxeñería dos Recursos Naturais e Medio Ambiente

INVESTIGADORES/AS

Dr. Enrique María Valero Gutiérrez del Olmo
Dr. Juan Picos Martín
Dr. Luis Ortiz Torres
Dr. Antonio de María Angulo
Miguel Ángel Cogolludo Agustín
Raquel Jares Gago
Inés Rodríguez Núñez
Manuel Herrera Carracedo
Cristina Lago Fernández
Fátima Otero Dios

OFERTA: I+D, SERVICIOS, FORMACIÓN

Formación E-LEARNING:

Observatorio ambiental para PEMES de Galicia Sur. [portal].

Cursos on-line:

- Integración dos Elementos da Paisaxe en Proxectos, Plans e Programas.
- Prevención e Defensa contra Incendios Forestais (básico).
- Aplicacións Enerxéticas da Biomasa Forestal.
- Sistemas de Información Xeográfica (avanzado).
- Fundamentos de Xestión e Seguimento Ambiental de Proxectos.
- O Medio ambiente na Responsabilidade Social Corporativa.
- Enerxías renovables e desenvolvemento sostible.
- Xestión de calidade no manexo de recursos cinexéticos e piscícolas continentais.
- Integración ambiental no sector da construción, turístico, agrario.
- Loita contra o cambio climático e o Protocolo de Kyoto.
- Políticas, programas e iniciativas ambientais da Unión Europea.
- Sistemas integrados de xestión na Política Ambiental da Peme.
- Sistemas integrados: Prevención de Riscos Laborais: ergonomía, seguridade no traballo, hixiene industrial.
- Desenvolvemento sostible no contorno dos espazos naturais protexidos.
- Sistemas de Xestión de Calidade.
- Auditorías da xestión forestal e a cadea de custodia.
- Certificación da xestión forestal sostible: o sistema PEFC.
- Integración ambiental da actividade extractiva de pedra natural e áridos.
- Integración ambiental dos sectores da pesca, acuicultura, marisqueo.
- Integración ambiental dos sectores da reparación e xestión final do automóbil.
- Lexislación forestal e do medio natural.
- Sistema de información xeográfica aplicados a xestión de recursos naturais.
- Dereito ambiental para PEMEs.
- Avaliación do impacto ambiental.

ÁMBITO TECNOLÓXICO

- Xestión e tratamento de residuos, vertidos, emisión para PEMEs.
- A empresa sostible. Ecoeficiencia na PEME.
- Principios básicos na xestión ambiental.
- Sistemas de xestión e auditorías medioambientais.

PROXECTOS DE I+D E COLABORACIÓNS PARA ENTIDADES EXTERNAS

Os traballos realizados polo grupo dentro do campo das TIC resúmese no proxecto OBSAM-SURGAL, este proxecto desenvólvese dende 2002 estando vixente na súa 5ª edición.

O proxecto comprende unha plataforma de ensinanza E-learning na que a día de hoxe ofértanse un total de 32 cursos, esta plataforma complementábase cunha publicación de diversos manuais, estudos e guías de boas prácticas destinada a empresas e/ou traballadores de tamaño pequeno e medio, a temática de todo o proxecto seguen un corte de claro contido ambiental.

CONTACTO

Enrique Valero Gutiérrez del Olmo.

Tlfo: 986 801 959

Fax: 986 801 907

E-mail: giaf4@uvigo.es

Centro: Escola de Enxeñeiros Técnicos Forestais

Páxina web: www.webs.uvigo.es/observatorioambiental



EQUIPO DE ENXEÑERÍA DE SISTEMAS DE AUTOMATIZACIÓN (E11)

Dpto. de Enxeñería de Sistemas e Automática

INVESTIGADORES/AS

Ricardo Marín Martín
Julio Garrido Campos
Ignacio Armesto Quiroga
Juan Saez López
Jose Luis Trillo

OFERTA: I+D, SERVICIOS, FORMACIÓN

- Enxeñería de sistemas:
 - Sistemas industriais (solucións).
 - Integración de sistemas.
 - Modelado e simulación de sistemas de produción.
 - Automatización.
- Informática industrial:
 - Sistemas en tempo real.
 - Comunicacións industriais.
 - Almacenamento e loxística industrial.
- Integración da información:
 - Automatización da xestión.
 - Traballo en grupo mediante redes de comunicación.
 - Integración xestión-produción.

PROXECTOS DE I+D

Título: Fabricación integrada por computador en empresas de confección de xéneros de punto.

Período de duración: dende 1989 ata 1991

Fonte de financiamento: CDTI

Título: AI for fashion design and manufacturing. ESPRIT exploratory action 5630.

Período de duración: 1991

Fonte de financiamento: CYCIT

Título: Visión artificial para o guiado dun robot móbil autónomo.

Período de duración: dende 1993 ata 1994

Fonte de financiamento: CYCIT

Título: Intelligent vision system for real-time automatic inspection of alimentary products.

Período de duración: dende 1992 ata 1995

Fonte de financiamento: Comunidade Europea (BRITE EURAM)

ÁMBITO TECNOLÓXICO

Título: Sistema de guiado baseado en visión artificial para robots móbiles. Programa Nacional de Tecnoloxías avanzadas da produción.

Período de duración: dende 1994 ata 1996

Fonte de financiamento: CYCIT

Título: Sistema de desenvolvemento concorrente de automatismos industriais. Aplicación a sistemas de almacenamento e transporte aéreo industrial.

Período de duración: dende 1996 ata 1998

Fonte de financiamento: CYCIT

Título: Enxeñería de sistemas de almacenamento e transporte aéreo industrial

Período de duración: dende 1999 ata 2001

Fonte de financiamento: Xunta de Galicia.

Título: Sistema de mantemento correctivo baseado en tecnoloxías web.

Período de duración: dende 2000 ata 2002

Fonte de financiamento: Xunta de Galicia.

Título: Desenvolvemento de sistemas de manutención industrial baseado en compoñentes de automatización.

Período de duración: dende 2003 ata 2005

Fonte de financiamento: Xunta de Galicia.

Título: Sistemas de control baseados en PC embebido para o sector de maquinaria de corte de pedra.

Período de duración: dende 2005 ata 2008

Fonte de financiamento: Xunta de Galicia.

PROXECTOS DE I+D E COLABORACIÓNS PARA ENTIDADES EXTERNAS

- Sistema de integración de imaxes de vídeo para un sistema CAD de xéneros de punto.
- Sistema de deseño CAD de bordados industriais.
- Sistema de modelado e monitorización dunha empresa de xéneros de punto.
- Sistema de almacenamento automático de fundas de asentos de automóbil
- Sistema Cim Informático para una empresa.
- Convoyeur Brancards.
- I+D de módulo prototipo para sistemas de manutención.
- Transportador de radiadores.
- Sistema de almacenamento automático de insertos desengraxados.
- Sistema de almacenamento automático de armaduras de asentos.
- Integral de transporte e manutención de liñas de fabricación de armaduras de asentos.
- Automatización dunha liña de armaduras de asentos de automóbil.
- Sistema automatizado de transporte industrial por cadea.
- Sistema de trazabilidade para liña de armaduras de asentos.
- Simulación de sistemas de "bypass" para portadores baleiros para a manutención de pezas mediante transportadores aéreos.

- Simulación dun sistema de manutención integrado para liñas de fabricación de asentos.
- Estudo mediante simulación de melloras nun almacén traselevador para una fábrica.
- Sistema de trazabilidade.
- Simulador de incendios en edificios.
- Sistema de adquisición de datos baseado en dispositivos PocketPC
- I+D de automatización de transportes aéreos.
- Sistema de control dun torno automático para a pedra con tecnoloxía baseada en Windows CE.
- Desenvolvemento dunha estrutura modular paramétrica para a elaboración de recubrimentos ornamentais en encimeras de pedra natural
- Sistema de axuda activa para a produción
- Desenvolvemento dunha metodoloxía de xestión e loxística para o deseño e fabricación de liñas automáticas de procesos modulares.
- Análises de necesidades e especificacións técnicas para un sistema de adquisición de datos para control de produción fora da planta produtiva.

CONTACTO

Ricardo Marín Martín

Tlfo: 986812231

Fax: 986.81.40.14

E-mail: marin@uvigo.es

Centro: E.T.S. de Enxeñeiros Industriais.

Páxina web: www.aisa.uvigo.es



EQUIPO DE DISEÑO E AUTOMATIZACIÓN DE SISTEMAS AVANZADOS-DASA (EI4).

Dpto. de Enxeñería de Sistemas e Automática

INVESTIGADORES/AS

Fernando Vázquez Núñez

OFERTA: I+D, SERVICIOS, FORMACIÓN

- Frameworks e arquitecturas de software.
- Desenvolvemento rápido de sistemas de información.
- Sistemas de información distribuídos, tempo real e embebidos.
- Software para dispositivos móbiles.
- Traballo offline/online.
- Informática industrial: captura de datos, SCADA, RFID, trazabilidade.
- Robótica: vehículos e embarcacións non-tripuladas.
- Tratamento de imaxes e visión artificial.
- Intelixencia artificial: sistemas expertos, lóxica borrosa e redes neuronais.
- Optimización: numérica e algoritmos xenéticos.
- Computación vectorial.

Servizos:

- Asesoramento técnico e "coaching".
- Dirección de proxectos.

Formación:

- Java
- Arquitecturas de software.
- Sistemas de información corporativos.
- Dirección de proxectos.
- Intelixencia artificial.

PROXECTOS DE I+D

Título: Sistema de información para a definición e execución dun plan de continxencia ante vertidos mariños accidentais.

Período de duración: dende 2003 ata 2005

Fonte de financiamento: Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía.

Título: Plataforma para a prestación de servizos ao cidadán. Tramitación electrónica e xestión de expedientes.

Período de duración: dende 2004 ata 2006

Fonte de financiamento: Ministerio de Industria, Turismo e Comercio (PROFIT).

PROXECTOS DE I+D E COLABORACIÓNS PARA ENTIDADES EXTERNAS

- Deseño, desenvolvemento e implantación dun sistema integral de xestión para o sector da madeira de Galicia.
- Diagnóstico produtivo-loxístico da sección de módulos.
- Asesoramento e formación en informática, redes e automatización.

- Solucións hardware e software a diversos problemas.
- Asesoramento e coordinación técnica en sistemas de información, control e automatización para proxectos de construción de buques avanzados.
- Sistemas de información e xestión documental.
- Máquinas expendedoras (vending) de bocadillos quentes, xeados e pizzas. Deseño mecánico, automatización e interfaz multimedia.
- Acceso a documentos a través de Internet.
- Migración a bases de datos relacionais.
- Sistema de información corporativo.
- Sistema de información gráfica (GIS) para o seguimento de obras.
- Intranet corporativa.
- Robotización do proceso de cosido de sacos industriais.
- Portal de xogos culturais en Internet.
- Desenvolvemento de terminais multimedia para a interacción e colaboración de usuarios a través de Internet.
- Terminais multimedia para a colaboración e interacción en rede local.
- Sistemas de información distribuídos para a xestión de casinos, bingos e operadoras de máquinas.
- Integración de novas tecnoloxías na xestión de fondos públicos e na prestación de servizos ao cidadán.
- Xestión de expedientes de urbanismo.
- Xestión de expedientes para todo un concello.
- Sistemas de información xeográfica (GIS).
- Xestión de asociacións cívicas.
- Xestión de tributos, recaudación voluntaria e recaudación executiva.
- Xestión de multas.
- Xestión catastral.
- Sistema de xestión de solicitude de tarxetas de condutor
- Desenvolvemento de espazos web empresariais individualizados, con sistemas B2C.
- Sistema de información para a definición e execución dun plan de continxencia ante vertidos mariños accidentais.
- Sistema de información corporativo para a xestión da produción.
- Sistema corporativo de xestión de tarefas.
- Prototipo de sistema de información para a prestación de servizos técnicos.
- Sistema de información para a captura e explotación de datos relativos á vendima.
- Deseño, desenvolvemento e implantación dun sistema integral de xestión para empresas do sector textil.
- Desenvolvemento dun sistema de xestión parametrizable baixo soporte informático.
- Desenvolvemento e implantación de sistema de información con soporte informático para a área de mantemento e conservación de equipos e aparatos elevadores.

CONTACTO

Fernando Vázquez Núñez

Tlfo: 986 812690

Fax: 986 812201

E-mail: fvazquez@uvigo.es

Centro: E.T.S.E. Industriais

EQUIPO DE CONTROL NON LINEAL (E13)

Dpto. de Enxeñaría de Sistemas e Automática

INVESTIGADORES/AS

Antonio Barreiro Blas
José Cesáreo Raimundez Álvarez
Emma Delgado Romero
Matías García Rivera

OFERTA: I+D, SERVICIOS, FORMACIÓN

- Metodoloxía e ferramentas:
 - Control automático de sistemas, modelado e identificación.
 - Técnicas non lineais: Fuzzy, neuronais e xenéticas.
 - Supervisión, monitorización, estimación e filtrado.
 - Ferramentas software de simulación e control, de xeración automática de código, de supervisión e de monitorización.
- Aplicacións:
 - Control de sistemas operando dentro de redes de comunicacións.
 - Sistemas de teleoperación, impacto de retardos de transmisión.
 - Navegación, por sonar e visión de vehículos autónomos.
 - Observación, estimación, filtrado e tracking non lineais.
- Modalidades de colaboración:
 - Asesoramento tecnolóxico.
 - Documentación tecnolóxica, informes e estudos por encargo.
 - Cursos a medida dirixidos a empresas,
 - Desenvolvemento de proxectos I+D.

PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN

Título: Control robusto de sistemas con retardos, aplicacións en control de procesos e teleoperación.
Período de duración: dende 2004 ata 2007
Fonte de financiamento: CICYT

Título: Técnicas de control de helicópteros a escala.
Período de duración: dende 2002 ata 2005
Fonte de financiamento: CICYT

CONTACTO

Antonio Barreiro Blas
Tel: 986 812232
Fax: 986 814 014
e-mail: abarreiro@uvigo.es
Centro: E.T.S. Enxeñeiros Industriais
Pax web: <http://webs.uvigo.es/g-cn/>

ROBÓTICA E SISTEMAS INTELIXENTES (EI2)

Dpto. de Enxeñería de Sistemas e Automática (T07)

INVESTIGADORES/AS

Rafael Sanz Domínguez
Joaquín López Fernández
Amador Rodríguez Diéguez
José Antonio Rajoy González
Diego Pérez Losada

OFERTA: I+D, SERVICIOS, FORMACIÓN

- Automatización e control.
- Sistemas de información.
- Robótica móbil. Técnicas de control. Control do movemento. Planificación.
- Robots móbiles interactivos para exposicións e museos.
- Técnicas de intelixencia artificial. Redes neuronais. Control borroso. Sistemas expertos.
- Interacción home-máquina.
- Tecnoloxías da información.

PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN

Título: Desenvolvemento de metodoloxías de control avanzado: control e supervisión intelixentes de procesos industriais.

Período de duración: dende 1993 ata 1994

Fonte de financiamento: Xunta de Galicia e Universidade de Vigo

Título: Desenvolvemento de novas ferramentas de análises e deseño de sistemas de control e supervisión baseados na lóxica borrosa.

Período de duración: dende 1993 ata 1996

Fonte de financiamento: Ministerio de Educación e Ciencia

Título: Sistema de guiado baseado en visión artificial para robots móbiles.

Período de duración: dende 1993 ata 1996

Fonte de financiamento: Ministerio de Educación e Ciencia

Título: Fuzzy Logic Control of Asynchronous Motor Drive.

Período de duración: dende 1995 ata 1997

Fonte de financiamento: Comisión Europea DGXII

Título: Aplicacións de técnicas de control intelixente en accionamentos eléctricos con motores asíncronos. Acción Integrada entre España e Italia.

Período de duración: 1997 e dende 1998 ata 1999

Fonte de financiamento: Ministerio de Educación e Cultura

ÁMBITO TECNOLÓXICO

Título: Integración de tarefas en robots móbiles autónomos.

Período de duración: dende 1999 ata 2001

Fonte de financiamento: Ministerio de Educación e Cultura

Título: Planificación e supervisión intelixentes para interacción con robots móbiles autónomos.

Período de duración: dende 2002 ata 2005

Fonte de financiamento: Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía

Título: Deseño e prototipado dun microinfusor pulsátil de hormonas.

Período de duración: dende 2002 ata 2004

Fonte de financiamento: Xunta de Galicia

Título: Desenvolvemento dun sistema de inspección e vixilancia autónoma mediante robots móbiles.

Período de duración: dende 2005 ata 2008

Fonte de financiamento: Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía e Xunta de Galicia

PATENTES

Título da invención: Aparato portable de microinfusión pulsátil de hormonas baseado en sistema motriz de empuxe lineal tipo torpedo.

Solicitante: ZYGOS, Centro Gallego de Reproducción, S.L.

Inventores: J.A. Fernández Vilán, R. Sanz Domínguez, M. Graña Barcia

Data presentación: 27 agosto 2002

Data publicación solicitude: 1 novembro de 2005

TECNOLOXÍAS COMERCIALIZABLES

- Sistema de transmisión electrónica de documentos a través de Internet.
- Sistema de monitorización e supervisión baseado en robots móbiles.
- Robot guía de interiores.
- Cabeza robotizada para interacción con humanos.

PROXECTOS DE I+D E COLABORACIÓNS CON ENTIDADES EXTERNAS

- Deseño de equipos de control de ascensores baseados en microprocesador.
- Sistemas de dispensación automática para produtos contidos en recipientes baixo presión.
- Sistema experto para a determinación das condicións óptimas de explotación nunha minicentral hidráulica con baixa capacidade de regulación.
- Desenvolvemento dunha interfaz home-máquina do posto de conducción dun tren metropolitano.
- Deseño e prototipado dun microinfusor pulsátil de hormonas.
- Desenvolvemento dun sistema universal de transmisión electrónica de documentos a través de Internet. Aplicación práctica ao sector da automoción.

CONTACTO

Rafael Sanz Domínguez

Tel: 986 812 230

Fax: 986 814 014

e-mail: rsanz@uvigo.es

Centro: E.T.S. Enxeñeiros Industriais

LABORATORIO IDTV

Dpto. de Enxeñería Telemática

INVESTIGADORES/AS

José J. Pazos Arias
Rebeca Díaz Redondo
Ana Fernández Vilas
Jorge García Duque
Alberto Gil Solla
Manolo Ramos Cabrer
Ana Belén Barragáns Martínez
Martín López Nores
Yolanda Blanco Fernández
Esther Casquero Villacorta
Marta Rey López

OFERTA: I+D, SERVICIOS, FORMACIÓN

- Desenvolvemento de middleware para receptores MHP, incorporando acceso a Internet.
- Deseño e desenvolvemento de recomendadores de contidos para a TV dixital, que facilitan a selección de programas e servizos ao usuario en función dos seus gustos e preferencias.
- Implementación de ferramentas para a elaboración e seguimento de cursos educativos para TV (t-learning), incluíndo o deseño de cursos adaptables que se parametrizan en función dos intereses do televidente.
- Conxugar o mundo da TV dixital e o fogar intelixente para permitir a interacción entre aplicacións de ambos sectores.
- Deseño de canais telemáticos virtuais para o novo estándar DVB-H que regula a difusión de contidos, principalmente de TV, para dispositivos móbiles (teléfonos, axendas electrónicas, etc.).

Formación:

- Cursos de postgrao nos programas de doutoramento promovidos polo Departamento de Enxeñería Telemática (DET).
- Impartición de cursos empregando ferramentas de educación a distancia (e-learning).
- Formación no campo das novas tecnoloxías de comunicación (Internet, web, TCP/IP, etc.) para docentes de grao medio.
- Curso de programación de aplicacións MHP (para profesionais do sector das telecomunicacións)

PROXECTOS DE I+D

Título: PASSEPARTOUT (centrase na converxencia de sistemas e aplicacións dixitais en media-centers no fogar).

Período de duración: dende 2005 ata 2006

Fonte de financiamento: Proxecto Eureka-ITEA financiado polo programa PROFIT.

Título: AVATAR (AdVAnced Telematic search of Audiovisual content by semantic Reasoning).

Período de duración: dende 2004 ata 2007

Fonte de financiamento: Plan Nacional de I+D+i

ÁMBITO TECNOLÓXICO

Título: MHP (Sistema de recepción dixital multimedia)

Fonte de financiamento: fondos FEDER

Título: X-SCTL(T)/MUS(T)

Fonte de financiamento: Xunta de Galicia

Título: XLIRA

Fonte de financiamento: Xunta de Galicia

Título: LIRA

Fonte de financiamento: Xunta de Galicia

Título: T-LEARNING.

Título: Domótica.

PROXECTOS DE I+D E COLABORACIÓNS PARA ENTIDADES EXTERNAS

- R-AVATAR (consiste no desenvolvemento dun servizo de recomendacións personalizadas para ser despregado sobre a futura plataforma de TV dixital dun operador de cable galego).
- OpenTDT (O obxectivo de OpenTDT é o desenvolvemento dun framework Open Source e conxunto de experiencias piloto de servizos ao cidadán que permitan crear unha comunidade de administracións locais e empresas que compartan experiencias, tecnoloxías e coñecemento no desenvolvemento de servizos ao cidadán empregando Televisión Dixital Terrestre).
- Atenea (Desenvolve unha visión común dos retos futuros e tecnoloxías de base abordando os tres dominios transversais identificados na Axenda Estratéxica de Investigación de PROMETEO; Arquitectura, Middleware e Métodos/ferramentas de deseño.
- miCanal (consiste filtrar, de entre os contidos transmitidos a través da rede de TV para móbiles aqueles que se axustan ao interese de cada usuario final).

CONTACTO

José J. Pazos Arias

Tlfo: 986 812186

Fax: 986 812116

E-mail: Jose.Pazos@det.uvigo.es

Centro: ETSE de Telecomunicación

Páxina web: <http://idtv.det.uvigo.es>

EQUIPO DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN – GTI (TC1)

Dpto. de Enxeñaría Telemática

INVESTIGADORES/AS

Francisco Javier González Castaño
Jose María Pousada Carballo
Pedro Rodríguez Hernández
Juan Carlos Burguillo Rial
Ubaldo García Palomares
Cristina López Bravo
Felipe Gil Castiñeira
Enrique Costa Montenegro
Enrique Pérez Barros
Miguel Rodelgo Lacruz
Sergio Costas Rodríguez
Rafael Pedro Martínez Álvarez
Rafael Asorey Casheda
Daniel Rodríguez Silva
Jorge Tejada Rodríguez
Pablo Sendín Raña
Jorge Muñoz Castañer

OFERTA: I+D, SERVICIOS, FORMACIÓN

- Servizos telemáticos.
- www
- Mobilidade.
- Comunicacóns móbiles e redes inalámbricas.
- Multimedia, distribución de contidos.
- Redes de banda ancha.
- Trazabilidade (RFID, AUTOID)

PROXECTOS DE I+D

Título: SatNex II - Satellite Communications Network of Excellence

Período de duración: 3 anos

Título: Sistemas avanzados de planificación para radioterapia mediante contornos de computación distribuída.

Período de duración: dende 2005 ata 2008

Fonte de financiamento: CESGA, UVI, USC, Hospital Xeral SC.

Título: FOSTEIN

Período de duración: dende 2005 ata 2007

Fonte de financiamento: CESGA, UVI, Televés, UDC

ÁMBITO TECNOLÓXICO

Título: Deseño e desenvolvemento de arquitecturas opto-electrónicas desacopladas para conmutadores de paquetes

Período de duración: dende 2004 ata 2007

Título: Servizos e funcións avanzados de comunicación e mobilidade en vehículo.

Período de duración: dende 2005 ata 2006

Fonte de financiamento: CTAG, CESGA, UVI, Televés

Título: Deseño de módulos integrados para optimización global mediante paralelismo a nivel de fluxos algorítmicos.

Período de duración: dende 2007 ata 2008

Título: Axudas do programa de consolidación e estruturación de Unidades de Investigación Competitivas.

Período de duración: dende 2006 ata 2009

Título: Atenea

Período de duración: 2006

Fonte de financiamento: Ministerio de Industria.

Título: MiCanal: Servizo personalizado de TV móbil sincronizada con contidos multimedia.

Período de duración: dende 2006 ata 2007

Fonte de financiamento: Ministerio de Industria, Telefónica I+D, UVI, Moviquity, Bluetech.

Título: Sistemas de intelixencia ambiental para asistencia a deportistas con perfís específicos.

Período de duración: dende 2007 ata 2009

Título: ROSA-MITUS. Red oportunista para a sensorización ambiental baseada en multisensores integrados no transporte urbano por superficie.

Período de duración: dende 2007 ata 2009

Fonte de financiamento: Ministerio de Fomento. UDC, DIT-UVI

Título: Conmutación avanzada de paquetes IP para las futuras redes ópticas de altas prestacións (CAPITAL).

Período de duración: dende 2004 ata 2007

Fonte de financiación: Ministerio de Educación e Ciencia.

Título: Redes multinivel: IP sobre redes de transporte.

Período de duración: 2007

Fonte de financiación: UPC

PROXECTOS DE I+D E COLABORACIÓNS PARA ENTIDADES EXTERNAS

- Sistema inalámbrico de parada remota para as lonxas de baixura de Galicia, homologado pola Xunta.
- Sistemas de distribución IP multimedia para redes colectivas.
- Servidores de vídeo baixo demanda.
- Contornos de comercio electrónico.
- Bases de datos multidimensionais e minería de datos.
- Sistemas empotrados para aplicacións multimedia en automoción.
- Servizos telemáticos para 3G.
- Sistemas RFID para trazabilidade e control de acceso.
- Sistemas de localización persoal.
- Extensións inalámbricas para instrumentación médica.
- Sistema de guiado dependente do contexto para GaliciaDixital, para o contorno da catedral de Santiago de Compostela.

CONTACTO

Francisco Javier González Castaño

Tlfo: 986 81.37.88 / 647 34.31.34

Fax: 986 81.21.16

E-mail: javier@det.uvigo.es

Centro: E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación.

Páxina web: www-gti.det.uvigo.es



EQUIPO DE REDES E SERVIZOS DE TELECOMUNICACIÓN E INTERNET(ET3)

Dpto. de Enxeñería Telemática

INVESTIGADORES/AS

Cándido López García
José Carlos López Ardao
Andrés Suárez González
Raúl F. Rodríguez Rubio
Manuel Fernández Veiga
Sergio Herrería Alonso
Miguel Rodríguez Pérez
María Estrella Sousa Vieira
Pablo J. Argibay Losada

OFERTA: I+D, SERVIZOS, FORMACIÓN

- Análises de prestacións e optimización de recursos en redes de comunicacións públicas e privadas.
- Deseño e enxeñería de redes IP.
- Arquitectura de redes de comunicacións avanzadas.
- Enxeñería e análises de tráfico. Dimensionamento.
- Sínteses de arquitecturas e protocolos de redes de nova xeración.
- Acceso de banda ancha e móbil a servizos de Internet.
- Avaliación da calidade dos servizos de telecomunicacións.
- Organización e distribución de contidos en rede.
- Consultaría de tecnoloxías de redes.
- Desenvolvemento e implantación de servizos avanzados de soporte e xestión de redes.
- Cursos de tecnoloxías de conmutación, arquitectura de redes e servizos IP, seguridade en redes de comunicacións.

PROXECTOS DE I+D

Título: Provisión óptima de servizos a redes vehiculares en movemento.

Período de duración: dende 2006 ata 2009

Fonte de financiamento: Ministerio de Educación e Ciencia, Plan Nacional de I+D+I.

Título: Escalabilidade en redes ópticas IPv6 con calidade de servizo.

Período de duración: dende 2003 ata 2006

Fonte de financiamento: Ministerio de Educación e Tecnoloxía, Plan Nacional de I+D+I.

Título: Modelado, análises e simulación dos servizos e a arquitectura de Internet.

Período de duración: dende 2001 ata 2003

Fonte de financiamento: Plan Nacional de I+D+I

Título: Sistema de recepción dixital multimedia

Período de duración: dende 2000 ata 2001

Fonte de financiamento: Unión Europea (Proxecto FEDER).

Título: Desenvolvemento dun contorno de simulación orientado a obxectos para o análise de redes de banda ancha.

Período de duración: dende 1997 ata 1999

Fonte de financiamento: Xunta de Galicia

CONTACTO

Cándido López García

Tlfo: 986812169

Fax: 986812116

E-mail: candido@det.uvigo.es

Centro: E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación

Páxina web:



EQUIPO DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN (E-TIC)

Dpto. de Enxeñería Telemática

INVESTIGADORES/AS

Luis Anido Rifón
Luis Modesto Álvarez Sabucedo
Manuel Caeiro Rodríguez
Manuel José Fernández Iglesias
Fernando Ariel Mikic Fonte
Judith Soledad Rodríguez Estévez
Juan Manuel Santos Gago

OFERTA: I+D, SERVICIOS, FORMACIÓN

- Deseño de servizos avanzados sobre www.
- Sistemas avanzados de e-learning.
- Estándares para e-learning.
- Desenvolvemento de contidos multimedia.
- Sistemas de aprendizaxe móbiles: m-learning.
- Deseño e desenvolvemento de cursos para formación on-line.
- Formación de formadores e técnicos on-line.
- Análise de viabilidade de proxectos de e-learning.
- Administración dixital. E-government.
- Interoperabilidade entre as administracións dixitais.
- Interoperabilidade en sistemas de comercio e negocio electrónicos: m-commerce, e-business.
- Deseño e desenvolvemento de sistemas de xestión de contidos (CMS).
- Desenvolvemento rápido de portais, observatorios e sitios web personalizados.
- Integración de sistemas heteroxéneos en contornos autónomos ou distribuídos.
- Asesoría e formación na implantación de sistemas da Información sobre a web: tecnoloxías, lexislación aplicable, etc.
- Asesoría e formación para a integración de PEMES no marco da Sociedade a Información e as novas tecnoloxías.

PROXECTOS DE I+D

Título: Deseño e desenvolvemento dun marco semántico para o modelado de servizos na administración pública. Aplicación á provisión de servizos fronte ao ciudadano.

Período de duración: dende 2006 ata 2008

Fonte de financiamento: Consellería de Innovación e Industria, Xunta de Galicia

Título: Learning Interoperability Framework for Europe (LIFE).

Período de duración: dende 2005 ata 2006

Fonte de financiamento: Dirección Xeral de Educación e Cultura (DG EAC) da Unión Europea.

Título: Translation of IEEE LOM standard into Spanish.

Período de duración: Abril 2003-Junio 2003

Fonte de financiamento: CEN (Comité Europeo de Normalización).

Título: Learning technology standards observatory

Período de duración: dende 2002 ata 2005

Fonte de financiamento: CEN (Comité Europeo de Normalización).

Título: Interoperability frameworks for exchange of information between diverse managements systems.

Período de duración: dende 2002 ata 2003

Fonte de financiamento: CEN (Comité Europeo de Normalización).

Título: Controlled vocabularies for learning object metadata. Typology, impact análisis, guidelines and a web based vocabularies registry.

Período de duración: dende 2001 ata 2003

Fonte de financiamento: CEN (Comité Europeo de Normalización).

Título: Internationalisation of the IEEE learning object metadata.

Período de duración: 2001

Fonte de financiamento: CEN (Comité Europeo de Normalización).

PROXECTOS DE I+D E COLABORACIÓN PARA ENTIDADES EXTERNAS

- Plataforma de solicitude de acceso ao curso de español do Instituto Cervantes para Inditex.
- Análise, definición e posta en marcha do proceso de integración das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) nas escolas infantís dependentes da Xunta de Galicia.
- Observatorio ambiental para as PEMES da Galicia Sur (OBSAM-SURGAL).
- Parametrización, optimización e desenvolvemento dunha plataforma de aprendizaxe electrónica.
- Deseño, desenvolvemento e despregue dunha plataforma de aprendizaxe electrónico.
- Actualización do sistema de xestión de reservas e Incorporación dunha pasarela de pago electrónico.
- Proxecto MÉTODOS. Interfaz SOAP.
- Proxecto Infoescaparate. Fase de desenvolvemento II.
- Dissemination of the Learning Technology Standardisation Process.
- Maintenance of the Learning Technology Standards Observatory.
- Deseño e desenvolvemento dunha plataforma web para a provisión de servizos de provisión lóxística para o sector da construción.
- Asistencia técnica no proxecto: "Certificación da cadea de custodia na industria galega do Tablero".
- Proxecto para interface estándar de comunicacións entre aplicacións.
- Deseño e desenvolvemento de contidos interoperables en contornos de E-learning para o sector do turismo. Teleformación para persoal de hoteis e hostalería.
- Deseño dun sistema de autor e adaptación a estándares da plataforma de teleformación CINENSINO.
- Deseño e desenvolvemento dun portal de turismo para a EuroRexión Galicia-Norte de Portugal con servizos avanzados de planificación de viaxes.
- "Topored: Sistema de captura e xestión de datos topográficos sobre PDAs para comunicación remota campo-oficina técnica".
- Desenvolvemento de tipos de modelos para equipos de videoconferencia en Spectrum.

ÁMBITO TECNOLÓXICO

- Deseño e desenvolvemento dun sistema Front e Back Office para a xestión de establecementos hoteleiros.
- Deseño dun sistema de aprendizaxe electrónico para o programa de prevención de drogodependencias dunha comunidade autónoma.
- Plataforma de comercio electrónico para a xestión de feiras e congresos.
- Asesoramento técnico e mantemento da plataforma de comercio electrónico www-SGH.
- Interfaz de acceso wap ao sistema www-SGH.
- Sistema de xestión hoteleira a través de www.
- Plataforma de teleformación CINENSINO.
- Curso de formación do sistema de teleformación Agroweb II. Mantemento e asesoramento técnico da ferramenta.
- Sistema de xestión de reservas a través de www.

CONTACTO

Luis Anido Rifón

Tlfo: 986811962

Fax: 986812116

E-mail: lanido@det.uvigo.es

Centro: E.T.S.E. Telecomunicación

Páxina web: <http://www.gist.uvigo.es/~lanido>



EQUIPO DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS PARA A SOCIEDADE DA INFORMACIÓN (ET1/A)

Dpto. Enxeñería Telemática

INVESTIGADORES/AS

Fernando Ariel Mikic Fonte
Luis M. Álvarez Sabucedo
Martín Llamas Nistal
Manuel J. Fernández Iglesias
Francisco J. Fernández Masaguer
Manuel Caeiro Rodríguez
Juan Manuel Santos Gago
Fernando J. Sánchez Zamora

OFERTA: I+D, SERVIZOS, FORMACIÓ

- Redes e servizos intelixentes.
- Sistemas distribuídos intelixentes.
- Portais www con asistentes intelixentes.
- Sistemas de e-learning e contornos virtuais sobre internet.
- Comercio electrónico sobre internet.
- Sistemas de xestión para intranets.
- Desenvolvemento de aplicacións e servizos wireless.
- Desenvolvemento de aplicacións para contornos distribuídos. Plataformas Java, Corba, Microsoft.net,...
- Desenvolvemento de servizos web.
- Sistemas de xestión documental.
- Sistemas de xestión de contidos para contornos web.
- Periódicos e revistas dixitais.
- Sistemas de verificación biométrica.
- Sistemas de telemedicina.

PROXECTOS DE I+D

Título: E-BICS: E-learning – Bases de integración e coordinación sobre estándares.

Período de duración: dende 2006 ata 2009

Fonte de financiamento: Xunta de Galicia

Título: MetaLearn: metodoloxías, arquitecturas e linguaxe para servizos adaptativos para E-learning.

Período de duración: dende 2005 ata 2008

Fonte de financiamento: Xunta de Galicia (Incentivos)

Título: MetaLearn: metodoloxías, arquitecturas e linguaxe para servizos adaptativos para E-learning.

Período de duración: dende 2004 ata 2007

Fonte de financiamento: CICYT

ÁMBITO TECNOLÓXICO

Título: CORBAlearn: Interfaz de dominio guiada por estándares para aprendizaxe electrónico.

Período de duración: dende 2002 ata 2005

Fonte de financiamento: Xunta de Galicia (Incentivos)

Título: CORBAlearn: Interfaz de dominio guiada por estándares para aprendizaxe electrónico.

Período de duración: dende 2001 ata 2003

Fonte de financiamento: CICY

Título: ComDist: Compoñentes distribuídos

Período de duración: dende 2001 ata 2003

Fonte de financiamento: CYTED

Título: Arquitecturas distribuídas para teleservizos.

Período de duración: dende 2001 ata 2003

Fonte de financiamento: Xunta de Galicia

Título: Deseño e desenvolvemento dun software documental sobre Internet e Intranet.

Período de duración: dende 1999 ata 2001

Fonte de financiamento: FEDER

Título: Desenvolvemento formal de sistemas distribuídos.

Período de duración: dende 1998 ata 1999

Fonte de financiamento: Xunta de Galicia (Incentivos)

Título: PTF: Plataforma de Teleformación.

Período de duración: dende 1998 ata 2001

Fonte de financiamento: FEDER

Título: Desenvolvemento formal de sistemas distribuídos.

Período de duración: dende 1997 ata 2000

Fonte de financiamento: CICYT

Título: ETLAO: Entorno de Telaboratorios para Arquitectura de Ordenadores

Período de duración: dende 1997 ata 1998

Fonte de financiamento: Universidade de Vigo

